- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento básico da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos. - Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais). - Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais. - Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito. - Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais, - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 5 | Periodista en acción! | 38 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación. | Discriminar con axuda, a diversidade lingüística na contorna escolar, familiar e social. | TI | 100 |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Participar nos intercambios orais cunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais. | Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais. | | |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula. | Empregar un vocabulario cada vez máis rico para unha mellor comunicación oral. | | |
| CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante. | Identificar, con axuda, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, destacando a información máis relevante. | | |
| CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses. | Reproducir de memoria breves textos próximos aos seus gustos e intereses. | | |
| CA2.6 - Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa. | Aplicar as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quenda, participación respectuosa e normas básicas de cortesía. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Utilizar unha linguaxe non discriminatoria. | | |
| CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. | Empregar os usos falo e escoito na resolución de conflitos. | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante. | Ler textos sinxelos en silencio e voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando o sentido global e a información relevante do texto. | | |
| CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura. | Empregar a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión. | | |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos, valorando o contido e estrutura. | Empregar a rutina de ler, reflexionar e analizar o contido do texto escrito proposto. | | |
| CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís e tradicionais sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía. | Empregar a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía. | | |
| CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio. | Empregar unha linguaxe non sexista. | | |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Localizar, seleccionar e contrastar información, segundo modelo dado, de distintas fontes empregadas. | | |
| CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais e distintos soportes para a procura da información. | Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo presentado en distintos soportes e con distintas fontes de información. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro, de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses. | Utilizra a biblioteca de aula e de centro , de xeito guiado, para localizar lecturas axeitadas aos seus intereses e como fonte de lecer. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais. | Iniciarse de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información. | | |
| CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes. | Construír a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese e de diversas fontes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida. | Participar en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira progresivamente autónoma textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura. | Ler , de maneira acompañada, textos literarios sinxelos e variados de diferentes autores e autoras adecuados aos seus intereses. | | |
| CA5.2 - Compartir oralmente a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar. | Participar nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca e facer recomendacións lectoras dalgún libro. | | |
| CA5.3 - Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e gozo persoal. | Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos como fonte de lecer e gozo persoal. | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas. | Participar nas actividades planificadas pola biblioteca de aula. | | |
| CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas ou culturais. | Disfrutar escoitando textos de diferentes autores e autoras. | | |
| CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición. | Escribir textos sinxelos con axuda de autoinstrucións. | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, comparación e transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos. | Observar, comparar e transformar as palabras e os enunciados na comprensión de distintos textos. | | |
| CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada. | Revisar os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas. | | |
| CA6.5 - Progresar na adquisición de vocabulario a través dos textos. | Progresar na adquisición de vocabulario relacionando o significado entre unhas palabras e outras. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. |

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral.
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente.
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes.
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Procesos: produción oral
- Cohesión na reprodución oral de textos sinxelos.
- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias elementais para a comprensión lectora de textos sinxelos de diversa tipoloxía.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura compartida con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Valoración da lectura de textos como medio para ampliar o vocabulario, progresando na aplicación das normas ortográficas axeitadas ao seu nivel.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade.
- Uso das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento e fonte de recursos textuais diversos, respectando as súas normas de organización e funcionamento. Inicio na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Consolidación do sistema de lectoescritura.
- Estratexias para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos sinxelos, con coherencia e coidado e caligrafía clara na presentación, relativos a situacións cotiás infantís, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.

Contidos

- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida de distintas fontes.
- Modelos explícitos para reelaborar de forma acompañada a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais de aula ou do centro para a procura da información adecuada ao seu nivel e como fonte de lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Creación e dramatización de breves relatos e contos infantís, adaptados á idade, a partir de modelos dados, coidando a limpeza e a presentación.
- Os elementos esenciais da obra literaria (tema e personaxes principais).
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a produción guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados, prestando especial atención ás relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados e mobilizando estratexias elementais,
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para poder tomar decisións sobre o deseño do proceso de ensino-aprendizaxe nas aulas, partírase dos principios e orientacións en relación ao enfoque metodolóxico que se recollen nas principais referencias lexislativas: LOMLOE, D. 155/2022 (orientacións pedagóxicas da etapa e das áreas), Decreto 229/2011, do 7 de setembro, polo que se regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve. A interdisciplinariedade, integrando e globalizando os coñecementos, habilidades, destrezas e aprendizaxes, será un dos eixos vertebradores do proceso de e-a. Un proceso que debe partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo no que se atopa o alumnado e ter en conta e atender aos diferentes ritmos, estilos, necesidades, capacidades, intereses e motivacións de todos eles, contribuíndo á personalización da aprendizaxe. Esta consideración promoverá e fomentará a autonomía, responsabilidade e construción da aprendizaxe, sempre que se teñan en conta os coñecementos previos creando unha aprendizaxe significativa e incidindo sobre a zona de desenvolvemento próximo.

Para todo isto, debemos deseñar tarefas de aprendizaxe integradas que contribúan a un desenvolvemento competencial, relacionadas coa resolución de problemas da vida real e que dean un impulso ao traballo cooperativo. A través de este deseño, poderase facer fincapé na atención á diversidade de todo o alumnado, eliminando barreiras para a participación e a aprendizaxe e poñendo en marcha mecanismos de atención temperá das dificultades.

O Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) será o enfoque sobre o que construír as situacións de aprendizaxe, promovendo contextos flexibles, axeitados e cambiantes segundo as necesidades, características e momentos do propio alumnado. Para este deseño multinivel é moi importante a toma de decisións sobre os tempos, os espazos e os materiais a empregar a longo do proceso de e-a. Tempos, espazos e materiais deben ser variados, reais, auténticos, relacionados coas actividades diarias do alumnado, permitindo tamén a implicación e participación das familias neste proceso. Para este deseño debemos partir da integración de coñecementos, destrezas e actitudes a través dun aprendizaxe competencial, no que a lectura antóllase fundamental para o seu desenvolvemento.

Establécense dos eixos principais:

1. Aprendizaxe cooperativa. Esta organización e xestión da aula estará presente no deseño de situacións de aprendizaxe diarias na aula, introducindo dinámicas, estruturas e avaliación de xeito progresivo ao longo da etapa. Esta organización na aula permitirá a contribución ás habilidades sociais e á convivencia positiva do alumnado, entendendo o traballo en equipo como medio e como contido propio da etapa.

2. Aprendizaxe baseada en proxectos. Esta organización permite o desenvolvemento curricular desde os intereses e motivacións do alumnado, investigando na procura de elaborar produtos socialmente relevantes. Nas áreas de Ciencias Naturais terán un carácter principalmente práctico co deseño de tarefas que permitan resolver problemas ao mesmo tempo que o alumnado pode aprofundar en coñecementos e aprendizaxes reais. Poderán incorporarse criterios e aprendizaxes doutras áreas, procurando o deseño de situacións competenciais e globalizadas.

Teremos en conta as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Crear un clima de seguridade e confianza.
- Aprendizaxe baseado en proxectos, problemas, investigación.
- Utilizar unha linguaxe clara, sinxela na presentación de novos contidos.
- Gradación das actividades.
- Utilizar a cooperación e axuda entre iguais.
- Integración efectiva das TIC na aula.
- Uso do erro como mecanismo de mellora.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.
- Potenciar a resolución pacífica de conflitos e a necesidade de acordos e consensos.
- Favorecer a aprendizaxe activa integrando ao alumnado na dinámica xeral, fomentando a participación.
- Favorecer a creatividade e capacidade de expresión o interese e a individualización e socialización.
- Atención á diversidade do alumnado.
- Coordinación entre todos os profesionais que interveñen no proceso de aprendizaxe.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.
- A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.
- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

Polo tanto na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os

diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumnado é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Material funxible: cartolina, folios, ceras... |
| Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos... |
| Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais... |
| Recursos informáticos: ordenador de aula, encerado dixital interactivo, tabletas... |
| Libros de biblioteca de aula e de centro |
| Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.. |
| Libro de texto |

Entendemos por recurso todo aquilo que utilizamos coa intención de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Traballamos fundamentalmente con recursos materiais, humanos e vivenciais.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía polo que debemos implicarnos na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos motivadores e enriquecedores para o alumnado, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Ofreceremos ao alumnado material estimulante, variado e versátil, que permita múltiples usos e descubrimentos e que sirva para desenvolver as diferentes dimensións da súa personalidade: afectiva, psicomotriz, intelectual e social. Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencia e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe.

As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado

En canto ós recursos materiais traballamos con material curricular (material e instrumentos de axuda que nos poden axudar no proceso de E/A como cuadernillos guías e libros de consulta, revistas, taboleiros didácticos, materiais manipulativos, material impreso: fotografías, libros, tarxetas de vocabulario, contos, xogos didácticos: cartas,

crebacabezas, construcións, ..., materiais audiovisuais (ordenador de aula, tabletas, EDI, cámara fotográfica, etc.), material informático e audiovisual (actividades temáticas, presentacións multimedia, enciclopedias, contos, cancións, etc.), Plataformas dixitais (Aula virtual, EDUGA, Abalar, Web centro, páxinas web curriculares, etc.), vídeos interactivos, materiais de expresión artística, etc.

O Entorno proporciona gran riqueza de recursos, que imos aproveitar nas experiencias das que veñen provistos os/as alumnos/as (granxa escola, montes de Peitieiros, Couso, concello, Val de Miñor, IEM, PUGA,..). As familias, aportan material propio, como poden ser álbumes de fotos, material de refugallo, envases, experiencias, escritos, etc.

O propio alumnado, elabora material propio para exposicións, elaboración de material audiovisual para divulgación e consolidación do aprendido.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario, lectura e comprensión lectora e a escritura e gramática.

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos/as para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

A principio do mes de outubro celebraranse as sesións da avaliación inicial para comprobar o nivel nas competencias e a competencia curricular do alumnado. Os resultados reflectiranse no XADE antes de finalizar o primeiro trimestre.

Informarase ás familias dos resultados en reunións de tutoría ou vía telefónica durante o mes de outubro e novembro.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 15 | 15 | 50 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

Tendo en conta a CC aprobada no centro escolar os porcentaxes dos criterios de cualificación na área das Linguas é da seguinte maneira:

- Desempeño Competencial: 65%
- Actitude e Convivencia: 35%

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interese, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

A actitude e convivencia está asociada aos criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, nos que se traballará sobre as habilidades de participación, respecto das opinións, traballo en equipo e responsabilidades individuais e grupais.

Tamén indicaremos neste apartado os Criterios de Ponderación aprobados na CC do centro, sendo nesta área os seguintes:

• 1º Avaliación: 20%. • 2º Avaliación: 30% • 3º Avaliación: 50%

A nota das cualificacións numéricas trimestrais serán as obtidas despois de realizar os cálculos das porcentaxes dos aspectos a cualificar, especificados nos criterios de cualificación. En caso de obter números decimais, a nota será redondeada ao número natural máis próximo.

A nota numérica das cualificacións da avaliación ordinaria, será a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións, tendo en conta que a avaliación será gradual e continua.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
 - b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
 - c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
 - d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos adquiridos.
 - g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán

elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as función executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos.

Deseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria.

As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Ademais convén utilizar procesos de aprendizaxe acordos coa grao de madurez, flexibilizar opcións algorítmicas para permitir que o alumnado poida facelo co seu propio sistema de procesamento, facilitar diferentes fórmulas de resolución, proporcionar fórmulas diversas para relacionar os diferentes aspectos matemáticos e unilos ao contexto real.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplien as dos outros.

Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada alumno/a e o seu ritmo de traballo. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena.

A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De ahí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

Promoverase o traballo cooperativo así coma a participación activa do alumnado en todas as actividades propostas. Tendo como base o DUA, as actividades programadas están pensadas para ser adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado así como aos diferentes niveis de competencia curricular. Empregaranse apoios visuais e manipulativos para o traballo dos contidos máis abstractos.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias. A avaliación será flexible en canto aos tempos e aos instrumentos empregados en función das características e necesidades do alumnado.

Os horario de segundo están pensados para poder contar coas dúas primeiras horas de titoría e, na medida do posible, intentando que as horas de titoría comprendan dúas horas continuadas no resto do horario, facilitando así a flexibilidade no tempo das actividades programadas ao longo da xornada.

Dentro deste horario contamos con horas de apoio do profesorado con disponibilidad horaria, horas de apoio da mestra de PT, horas da mestra de AL, co fin de atender á diversidade do alumnado.

Este apoios (agás os da mestra de AL, debido á natureza da súa intervención) serán realizados dentro da aula, sendo posible valorar co Departamento de Orientación a necesidade de modificado en función das necesidades.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

MEDIDAS ORDINARIAS

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias:

Adecuación horarios, agrupamentos, espazos do centro e da aula; adecuación PD, metodoloxías que promovan a inclusión, adaptación tempos e instrumentos avaliación, medidas mellora convivencia, reforzo educativo e apoio disponibilidad, programas de enriquecemento; programas de reforzo as áreas instrumentais, programas de recuperación, programas específicos personalizados e programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Adaptación curricular, agrupamentos flexibles, apoio PT e AL, flexibilización.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, e os distintos profesionais que inciden co alumnado e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade e DCC, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de

profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para atender ao principio de individualización e o principio de igualdade de oportunidades do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 |
|--|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Emprendemento | | | | X | |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | | | X | | X |
| ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual) | | | X | | X |
| ET.6 - Educación emocional e de valores | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Proxectos do centro: Plector-PConvivencia-Peducación Dixital-Plan Acción titorial-PXA-Voz natura,Xogade | X | X | X | X | X |

Observacións:

A transversalidade rexe todos os elementos do currículo.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------------------|---|----------|----------|----------|
| 1º trimestre: Ti tamén contas | Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, as familias representarán un conto adecuado a súa idade. | X | | |
| 2º trimestre: Actividades culturais | Asistencia a unha obra de teatro establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero. | | X | |
| 3º trimestre: Obradoiros | Para promover tarefas de investigación, a aprendizaxe por descubrimento e o traballo en equipo. | | X | X |
| Saídas didácticas: unha por trimestre | Museo de arte, museo etnográfico, visitas científicas | X | X | X |

Observacións:

Considéranse actividades complementarias as planificadas polo profesorado que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización.

Son un complemento do currículo e traballaranse impregnadas dentro do mesmo. Serán avaliábeis para os efectos académicos e obrigatorias tanto para o profesorado como para o alumnado. Non obstante, terán carácter voluntario para o alumnado cando se realicen fóra do centro ou precisen achegas económicas das familias, caso nos que se garantirá a atención educativa dos alumnos que non participen nelas.

Como elementos transversais empregaremos as distintas conmemoracións do calendario escolar e das actividades propostas polo centro educativo a través do proxecto anual.

Tamén teremos en conta a participación nos programas Innova e Inclúete que regularán moitas das actividades a desenvolver no centro.

O propósito das actividades complementarias son:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado. |
| Regulación da práctica docente: grao de seguimento dos alumnos/as, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores. |
| Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e as familias. |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa... |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Aproveitanse os recursos que ofrece o centro. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos. |
| Clima de traballo na aula |
| Acadar ter ao alumnado motivado e tranquilo para aproveitar todo o seu potencial. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Mantiveronse reunións entre o equipo docente. |

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos/as e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023: O Art.9.5. recolle que "O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora". En base a información obtida en dita orde, este seguimento será analizado e valorado polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Ademais, a través da programación de aula deseñaranse actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento.

Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados e nelas farase unha análise do desenvolvemento efectivo, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de outros recursos.

Neste mesmo contexto o Art.9.6 recolle que: " Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa".

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos: 1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non). A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados